

DATA	20/03/09
Nº	479

1024 RBF/mcm

Examinado o expediente tramitado para a contratación da execución da obra incluída no FEIL denominada "Mejora de la eficiencia energética en el Alumbrado Público: Parroquia de Sésamo (As Naveiras, Silvar, Outeiro)", a adxudicar mediante procedemento negociado.

#### ANTECEDENTES

1. Con data 11 de febreiro de 2009, mediante a resolución nº 246, da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, apróbase o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada "Mejora de la eficiencia energética en el Alumbrado Público: Parroquia de Sésamo (As Naveiras, Silvar, Outeiro)".

2. A tal efecto publicouse un anuncio no diario La Voz de Galicia e no perfil de contratante solicitando ofertas de empresas capacitadas para a súa realización. Durante o prazo de presentación establecido, presentan ofertas as seguintes empresas:

- Aeronaval de Construcciones e instalaciones SA
- Instalaciones eléctricas coruñesas SL
- Montajes eléctricos Vizcaino SL
- Geste red Galicia SL
- Passco

3. Analizada a documentación administrativa, resulta que todos os licitadores amosan capacidade suficiente para ser admitidas no procedemento de contratación, solicitándose da Area do Medio, Servizos e Obras a valoración das mesmas.

4. Visto o informe emitido polo técnico municipal e as ofertas económicas, de redución de prazos e de volume de persoal a empregar presentadas, determínase a oferta máis vantaxosa para esta Administración en base aos criterios establecidos nos pregos de condicións administrativas particulares de aplicación.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 135 LCSP establece que a adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

DATA	20/03/09
Nº	479

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar provisionalmente a obra "Mejora de la eficiencia energética en el Alumbrado Público: Parroquia de Sésamo (As Naveiras, Silvar, Outeiro)" á empresa Instalaciones eléctricas coruñasas SL, CIF B-15025661, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación establecidos, fixando o prezo en 178.999,99€, IVE incluído, e o prazo de execución en 80 días.

SEGUNDO.- Requirir ao adxudicatario provisional para que, durante o prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, presente a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos.

b) Xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, achegando para o efecto copia da carta de pagamento do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

c) Documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

TERCEIRO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, en cumprimento da cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, antes da formalización do contrato deberá aboar 102,66€ en concepto de anuncios de licitación.

CUARTO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, unha vez transcorrido o prazo establecido no parágrafo segundo, se non se procedese á adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicataria provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, a Corporación procederá a efectuar unha nova adxudicación provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na negociación, sempre que isto fose posible.

QUINTO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.3 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación provisional no perfil de contratante do órgano de contratación, establecendo o prazo de cinco días hábiles a partir de tal publicación para facilitar información aos licitadores interesados sobre os motivos de rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor

SEXTO.- Dar conta da presente resolución á intervención municipal.

DATA	20/03/09
Nº	479

Contra o presente acto administrativo de trámite, cualificado en canto decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 17 de marzo de 2009  
A proposta de  
O xefe de sección de xestión  
orzamentaria

Conforme coa proposta, elévase a resolución  
Culleredo,  
A concelleira delegada de economía, facenda,  
réxime interior e seguridade

Asdo/ Roberto Babío Fernández

Asdo./ Alicia Ferreiro Varela  
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP  
nº176 , de 1/8/2007)

Dou fe,  
O secretario xeral

Intervenido e conforme,  
A interventora xeral

Asdo/ Raúl Martínez Martínez

Asdo/ Ana Mª Prieto Martinez